



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O TRECE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (13/2025)

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e dous minutos do día trece de outubro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente convocada para ese día ás doce horas. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela, nin o Sr. Concelleiro do PP, D. Ángel Filgueiras Grueiro, quen escusou a súa ausencia.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Pronunciamento preceptivo sobre a urxencia da sesión
2. Informe e aprobación análise previa de riscos PREMADECOR e disposición apertura do procedemento de contratación e convocatoria do expediente num. 2025/C003/000002 para a execución da obra "Proxecto refundido de execución de rehabilitación integral de edificio municipal destinado a centro social (25 setembro 2025)" financiada con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

1. PRONUNCIAMENTO PRECEPTIVO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

O Sr. Alcalde en funcións expón que o mesmo que a sesión anterior, a urxencia da sesión débese ao prazo, á que se dispón de pouco tempo para cumprir os prazos establecidos por lei para conseguir o financiamento e calquera sesión que sexa extraordinaria urgente pois gañan tempo, que seguramente lle preguntarían se podería ir no ordinario pero son cinco días que se gañan e por iso decidiu facelo outra vez urgente.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes a sesión. Xa que logo, apreciada a urxencia da sesión por unanimidade, o Sr. Alcalde en funcións continúa coa sesión.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2. INFORME E APROBACIÓN ANALISE PREVIA DE RISCOS PREMADECOR E DISPOSICIÓN APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN E CONVOCATORIA DO EXPEDIENTE NUM. 2025/C003/000002 PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “PROXECTO REFUNDIDO DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 SETEMBRO 2025)” FINANCIADA CON CARGO AO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

A proposta de acordo da Alcaldía sobre este punto da orde do dia consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C003/000002 e enviouse á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG con anterioridade á celebración desta sesión, xunto co informe de análise previa de riscos da Deputación Provincial emitido no Marco do PREMADECOR ao que fai referencia.

O Sr. Alcalde en funcións procede a darlle lectura a súa proposta, que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación o pasado 1 de outubro de 2025 en relación coa subvención concedida para a creación dun centro social, ao abeiro da Orde TED/1476/2021, de 27 de decembro, de axudas dirixidas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, acordos anteriores dos órganos de goberno do Concello, tramitacións realizadas, que no día de onte se recibiu informe da Intervención Xeral da Deputación Provincial da Coruña a través do SIR, de análise previa de riscos de acordo co PREMADECOR (Plan xeral de prevención de riscos e de medidas antifraude da Deputación Provincial da Coruña), que se remite dando cumprimento ao acordo do CADECOR (Comité antifraude da Deputación da Coruña) do 8 de outubro de 2025, así como a restante documentación deste expediente, e tendo en conta que aínda non foi recibido o ditame do CADECOR pero que, como informan desde a Deputación, é favorable nos mesmos termos do informe da Intervención Xeral pero que aínda non se remitiu por unha cuestión de trámites administrativos, tras considerar a urxente necesidade de axilizar a súa contratación para que se poida executar e xustificar en prazo a subvención que o financia, propóñolle ao Pleno a adopción dos seguintes acordos en relación co expediente de contratación, que ten as seguintes características:

TIPO DE CONTRATO	Contrato de obras	SUBTIPO DE CONTRATO	Obras
OBXECTO CONTRATO	<i>PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 septiembre 2025)</i>		
PROCEDEMENTO	Aberto (art. 156LCSP)	TIPO DE	urxente



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

CONTRATACIÓN		TRAMITACIÓN	(Interese público: cumprir con los prazos estipulados en la convocatoria de la subvención que financia la inversión, por el axustado prazo de execución de las obras)		
CÓDIGO CPV	45000000 - Trabajos de construción.				
VALOR ESTIMADO	411.724,25€				
ORZAMENTO BASE SEN IVE	411.724,25	IVE 21%	86.462,09	ORZAMENTO BASE IVE INCL.	498.186,34
FINANCIAMENTO	Ayuda Instituto para la Transición Justa Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next Generation (PRTR) Fondos propios				
DURACIÓN DA EXECUCIÓN	Sete meses segundo consta no proxecto técnico e como data máxima para rematar a execución o 15-06-2026	PRÓRROGAS		Poderíanse acordar no caso de darse circunstancias non previstas inicialmente, sempre que se cumpra el prazo máximo para la xustificación de la axuda que financia el gasto	
NECESIDADE A SATISFACER	Creación de un centro social				

PRIMEIRO.- Informar favorablemente e prestar aprobación ao informe de análise de riscos da Deputación Provincial nos termos do PREMADECOR.

SEGUNDO.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación, aprobado no pleno do 1 de outubro de 2025, convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contratacióndelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, que inclúen o cadro de características do contrato, anexos, memoria xustificativa do contrato, o proxecto técnico e a certificación dos acordos correspondentes.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que o que están a aprobar é o inicio do expediente de contratación para que as empresas se presenten para a obra.

A continuación di que vai facer un resumo do informe que enviou o PREMADECOR. Indica que pon que non se aprecia a concorrencia de ningún indicador de risco, que tampouco se aprecia a concorrencia de ningún indicador de risco dos sinalados no catálogo de riscos aprobado polo Consello de Contas de Galicia, di tamén que ven favorable, que fan unha advertencia que xa sabían, xa que pon que o Concello de Monfero deberá tramitar o expediente de contratación coa maior celeridade posible, procurando que estea adxudicado o contrato, formalizado o mesmo e estendida a acta de comprobación do reformulo antes do día 1 de decembro e que, de non facerse así, existe un evidente risco da perda do financiamento, circunstancia que derivaría nun grave quebranto da Facenda municipal, co posible incumprimento das principais magnitudes económico-financeiras. Que a perda do financiamento suporía que o gasto computaría a efectos da valoración da Regra do gasto e xeraría necesidade de financiamento, co posible incumprimento das regras fiscais. Conclúe o Sr. Alcalde en funcións que a advertencia que fan xa a contemplaban, que nada máis, que eses son os acordos que queren tomar: Informar favorablemente a presentación do informe do PREMADECOR e dispoñer a apertura do procedemento de contratación.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita sobre o informe e aprobación análise previa de riscos PREMADECOR e disposición apertura do procedemento de contratación e convocatoria do expediente num. 2025/C003/000002 para a execución da obra "Proxecto refundido de execución de rehabilitación integral de edificio municipal destinado a centro social (25 setembro 2025)" financiada con cargo ao plan de recuperación, transformación e resiliencia, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

O Sr. Alcalde en funcións, ao non haber máis asuntos que tratar, deu as grazas a todas as persoas asistentes e levantou a sesión, ás doce horas e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certificoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor